



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre decisión do Estudio de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico dos Penidos (Valdoviño, A Coruña), promovido por NORVENTO, S.L., clave 2011/0066,

EXPÓN:

1. Que, de acordo co "*Documento de inicio*" e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto podería afectar a 2 hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea: 91E0 Senecioni bayonensis-Alnetum glutinosa e 4020 Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris.
2. Que, de acordo co "*Documento de inicio*", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves o proxecto podería afectar a 12 especies de vertebrados catalogadas nalgunha categoría de ameaza para a súa conservación (*Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Hyla arborea*, *Iberolacerta monticola*, *Pernis apivorus*, *Milvus migrans*, *Circus pygargus*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Sylvia undata*, *Pyrrhonorax pyrrhonorax*).

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que o proxecto Parque Eólico dos Penidos (Valdoviño, A Coruña), promovido por NORVENTO, S.L., clave 2011/0066 se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que éste:

1. Avalíe alternativas para minimizar o impacto sobre os 2 hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea existente na zona.
2. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. *Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Rana temporaria*, *Hyla arborea*, *Iberolacerta monticola*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.
 - b. *Pernis apivorus*, *Milvus migrans*, *Circus pygargus*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Sylvia undata*, *Pyrrhonorax pyrrhonorax*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

- c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
3. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 25 de maio de 2011